Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Pedras

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O tear de ouro da Pena do Castro

Entre Vilasibil e Miraz, no concello de Folgoso do Courel (Lugo), está a Pena do Castro, lugar duns mouros que teñen un tear de ouro. Cando os veciños de Vilasibil traballaban nunha lerias próximas sentían cantar aos mouros e mais o runxir do tear. Se eles deixaban de traballar, os mouros tamén paraban de cantar e tecer. E cando eles volvían ao traballo. os mouros tamén.

BIBLIOGRAFÍA

FONTE:

PARADA JATO, Jesús Afonso, *Usos, costumes e cousas do Courel*, Toxosoutos, Noia, 2007, páx. 379-380.